# AVALIACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE

# ÍNDICE


01 INTRODUCIÓN

02 AVALIACIÓN DOS RESULTADOS DO I PIOM

02 01 OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN DO I PIOM

02 02 FASES

02 03 DESCRICIÓN DO I PIOM

02 04 METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN

02 05 RESULTADOS DA AVALIACIÓN

2.5.1. Análise Global

2.5.2. Análise por Áreas

03 CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

03 01 VALORACIÓN XERAL

03 02 DIFICULTADES PARA A EXECUCIÓN E IMPLEMENTACIÓN

03 03 FACILITADORES DO PLAN DE IGUALDADE

03 04 RECOMENDACIÓNS NA ELABORACIÓN DO II PIOM

04 BIBLIOGRAFÍA

## ÍNDICE NUMERADO DE CONTIDOS


01. INTRODUCIÓN 4
02. AVALIACIÓN DO I PIOM 5
02.1. OBXECTIVOS DE AVALIACIÓN 5
02.2. FASES DO PROCESO DE AVALIACIÓN 6
02.3. DESCRICIÓN DO I PIOM 7
02.4. METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN 9
02.5. RESULTADOS DA AVALIACIÓN 14
02.5.1. Análise Global 14
02.5.1.1. Distribución das actuacións por áreas 15
02.5.1.2. Execución e media de obxectivos por área 16
02.5.1.3. Execución por áreas 19
02.5.1.4. Importancia de cada área respecto ás previsións 21
02.5.1.5. Análise por obxectivos 24
02.5.1.6. Participación das áreas funcionais 29
02.5.2. Análise por Áreas 33
03. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS. 58
03.1. VALORACIÓN XERAL 58
03.2. PRINCIPAIS DIFICULTADES DETECTADAS PARA A IMPLEMENTACIÓN DO I PIOM 59
03.3. PRINCIPAIS FACILITADORES DO I PIOM 59
03.4. RECOMENDACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS 60
04. BIBLIOGRAFÍA 61


## ÍNDICE DE TÁBOAS


TÁBOA 1:CONCELLARÍAS (2009) ..... 10
TÁBOA 2: CONCELLARÍAS (2012) ..... 10
TÁBOA 3: AXUSTE DE ÁREAS NA AVALIACIÓN ..... 12
TÁBOA 4: ESTRUTURA DO PLAN ..... 14
TÁBOA 5: DISTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS POR ÁREAS ..... 15
TÁBOA 6: INCIDENCIA DE CADA ÁCCIÓN SOBRE O TOTAL SEGUNDO ÁREAS ..... 16
TÁBOA 7: ACCIÓNS POR ÁREA ..... 16
TÁBOA 8: Nº E MEDIA DE ACCIÓNS POR OBXECTIVO ..... 17
TÁBOA 9: GRAO DE EXECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR ÁREAS PREVISTOS NO PLAN ..... 19
TÁBOA 10: PESO INICIAL/FINAL DE CADA UNHA DAS ÁREAS ..... 21
TÁBOA 11: GRAO DE EXECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PREVISTOS NO PLAN ..... 26
TÁBOA 12: GRAO DE CUMPRIMENTO ..... 29
TÁBOA 13: ESIXENCIA, CUMPRIMENTO E VARIACIÓNS ..... 30
TÁBOA 14: GRAO DE ESIXENCIA ..... 31
TÁBOAS 15-25: TÁBOAS DAS 10 ÁREAS DE ACTUACIÓN DO PLAN (obxectivos xerais e específicos, accións e medidas do Plan, áreas funcionais do Concello encargadas do desenvolvemento das accións)..... 34

# 01 INTRODUCIÓN

O Concello de Monforte de Lemos, mantén un compromiso coas medidas de acción positiva cuxo obxectivo é modificar as actuacións discriminatorias e facer presión para a eliminación dos obstáculos que impiden a participación das mulleres en igualdade de condicións que os homes en calquera ámbito da vida. Proba deste compromiso é a presentación deste documento no que se expoñen os datos de avaliación do I Plan de Igualdade do Concello.

A continuación relaciónanse os obxectivos a acadar coa avaliación do I PIOM e as fases para a súa elaboración, os principios nos que se basea e as accións principais. Trala exposición relativa á recollida e tratamento da información presentase o apartado de resultados no que reflectimos para cada unha das áreas de actuación, os obxectivos marcados e as medidas de acción propostas, a descrición das accións, os resultados destas accións e os axentes implicados.

Tendo en conta que a avaliación dun PIOM debería ir máis aló do proceso de recollida e exposición de datos, no presente documento emítese un ditame técnico sobre o avaliado, formulando conclusións e expoñendo os principais obstáculos e facilitadores resultado do período de vixencia do I PIOM, así como, aportando unha serie de recomendacións cara á elaboración do II PIOM do Concello de Monforte de Lemos.

# 02 AVALIACIÓN DO I PIOM

## 02 01 OBXECTIVOS DE AVALIACIÓN

### Obxectivo Xeral

Realizar o estudio de avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades de Concello de Monforte de Lemos e elaborar un documento de recollida e exposición de resultados, de conclusións e recomendacións.

### Obxectivos Específicos

- Obter resultados do grao de cumprimento das accións enumeradas no I PIOM.
- Obter resultados sobre o traballo técnico do conxunto da Administración.
- Obter datos, opinións e valoracións do persoal encargado do ámbito da igualdade do Concello de Monforte de Lemos.
- Coñecer as opinións de persoas expertas en igualdade de oportunidades sobre o Plan.
- Coñecer as opinións de persoal técnico doutros recursos promotores de igualdade.
- Coñecer os obstáculos existentes e as necesidades a ter en conta á hora de elaborar o II Plan de Igualdade do Concello.

02 02 

# FASES DO PROCESO DE AVALIACIÓN

## FASE 1 — PLANIFICACIÓN

- Constitución do comité técnico
- Definición do traballo co persoal técnico responsable para facilitar a recollida de información
- Elaboración e consenso do calendario de traballo
- Elaboración e consenso dos instrumentos de recollida

## FASE 2 — ELABORACIÓN

- Definición de indicadores
- Recollida de datos e análises dos mesmos
- Análise de memorias de actividade
- Realización de entrevistas a persoal técnico do Centro de Información ás Mulleres e do concello
- Elaboración dunha Matriz DAFO
- Elaboración do ditame final

# 02 03 DESCRICIÓN DO I PIOM

O I Plan de Igualdade Municipal do Concello de Monforte de Lemos configurouse como a principal ferramenta estratéxica para o desenvolvemento da política municipal en materia de igualdade de oportunidades. Dito Plan recolleuse nun documento escrito, publicado no ano 2009 cunha vixencia de catro anos, ata decembro de 2012.

Organizouse en 9 apartados ou capítulos:

A. PRESENTACIÓN INSTITUCIONAL DO ALCALDE.
B. PRESENTACIÓN INSTITUCIONAL DA CONCEILEIRA DE SANIDADE, IGUALDADE E BENESTAR
C. MARCO NORMATIVO DO I PLAN PARA A IGUALDADE.
D. A TRAXECTORIA DO CONCELLO EN MATERIA DE IGUALDADE.
E. METODOLOXÍA E FASES DE ELABORACIÓN.
F. CONTEXTO SOCIOECONÓMICO.
G. A DIAGNOSE PREVIA.
H. ÁREAS DE ACTUACIÓN.
I. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO I PLAN PARA A IGUALDADE.

O plan de acción configurouse en dez áreas de actuación:

1. ÁREA DE ACTUACIÓN 1: ADMINISTRACIÓN
2. ÁREA DE ACTUACIÓN 2: BENESTAR SOCIAL E SAÚDE
3. ÁREA DE ACTUACIÓN 3: CULTURA
4. ÁREA DE ACTUACIÓN 4: DEPORTES
5. ÁREA DE ACTUACIÓN 5: EDUCACIÓN E FORMACIÓN
6. ÁREA DE ACTUACIÓN 6: EMPREGO
7. ÁREA DE ACTUACIÓN 7: MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO
8. ÁREA DE ACTUACIÓN 8: SENSIBILIZACIÓN
9. ÁREA DE ACTUACIÓN 9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ
10. ÁREA DE ACTUACIÓN 10: VIOLENCIA DE XÉNERO

Cada unha destas áreas de actuación tivo asignados unha serie de obxectivos de carácter específico que á súa vez contemplaron distintas medidas de acción ou actuacións a realizar para acadalos.

O I PIOM do Concello de Monforte de Lemos formulaba inicialmente as **10 áreas estratéxicas** por medio de **24 obxectivos específicos** concretados en **110 actuacións ou medidas**.

Na posta en marcha das accións, contouse coa participación ou implicación dos seguintes organismos e entidades:

- Persoal técnico e político de todas as áreas do Concello de Monforte de Lemos.
- Centro de Información á Muller
- Centros de ensino do Concello.
- Representantes políticos.
- Axentes Socio-Económicos do Concello de Monforte:
    - Cámara Oficial de Comercio e Navegación (delegación Monforte)
    - Confederación de Empresarios de Lugo (delegación Monforte)
    - Centro Comercial Urbano
    - Asociación Provincial de Hostalería (delegación Monforte)
    - Axencia de Extensión Agraria
    - Escola de Capacitación Agraria
    - Confederación Hidrográfica
    - Comunidade de regantes
    - Sindicatos: UXT, CCOO, CIGA e Sindicato Labrego Galego, Unións Agrarias, Xovenes Agricultores.
    - Oficina de Rehabilitación
    - Parador Oficial de Turismo
    - Centro Comarcal Expolemos
    - Consello Regulador da Ribeira Sacra
    - Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica.
    - Consorcio Turístico da Ribeira Sacra
    - Asociacións de Mulleres: Asociación de Amas de Casa e Consumidores e Asociación de Mulleres Rurais "Val de Lemos"
    - ONG´s: Cáritas, Cruz vermella, Albores (Asociación de enfermos mentales), Auxilia, AFAMON (Asociación Familiares de enfermos de Alzheimer),
    - Asociacións veciñais
    - Asociacións de Nais e Pais
    - Asociacións profesionais: Artesáns, calzados e libreiros.
    - Fundación Instituto da Construcción Val de Lemos
    - Unidade de Acción e Formación

# 02 04 METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN

Para a realización da avaliación do I Plan de Igualdade Municipal contouse coa asistencia técnica en materia de xénero e igualdade dunha empresa externa, responsable da redacción do informe avaliativo. Polo tanto, o equipo de traballo estivo conformado por persoal responsable técnico do Centro de Información á Muller e do Concello de Monforte de Lemos e persoal responsable técnico da consultora externa, SENES Desenvolvemento Comunitario.

Deste xeito, levouse a cabo unha **avaliación interna de carácter continuo** desde o CIM e os departamentos municipais implicados e unha **avaliación externa de tipo sumativa ou final** realizada por un equipo experto na materia.

As **ferramentas avaliativas** empregadas foron: fichas das accións, informes de actividade, memorias de actividade e memorias técnicas anuais.

Asemade, as **fontes de verificación** utilizadas foron: reunións e contactos fluídos co persoal técnico, revisión de documentación e entrevistas con distintas persoas implicadas.

A avaliación realizada pretende dar resposta ás seguintes cuestións:

- Grao de execución e resultados do I PIOM.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Idoneidade das actuacións programadas e dos recursos previsto para acadar os obxectivos.
- Eficacia dos mecanismos de difusión, coordinación e organización interna.
- Grao de satisfacción e pertinencia do Plan.
- Outros resultados non previstos, así como as variables que interveñen neles.

Segundo o xeito de recompilación, xerouse información cuantitativa e cualitativa:
**a) CUANTITATIVOS:** Obtivéronse datos numéricos de actuacións iniciadas e non iniciadas, actuacións sen finalizar, índices de participación, grao de satisfacción; así como a evolución da poboación feminina do Concello ao longo da vixencia do I PIOM. Estes datos se reflicten graficamente a continuación.

**b) CUALITATIVOS:** As bases da avaliación cualitativa foron as opinións e valoracións que ao respecto do Plan, do seu desenvolvemento, cumprimento e impacto, aportaron as distintas persoas entrevistadas e a interpretación dos datos.

A recollida de información realizouse a través de:

- entrevistas cos diferentes axentes implicados,
- recompilación de informes de actividade,
- produtos xerados,
- datos de opinións,
- datos de participación,
- estudos,
- memorias dos servizos e departamentos implicados,
- bases de datos,
- datos económicos de inversión e
- estatísticas.

No I PIOM do Concello de Monforte, especificábase que Concellerías ían ter competencias en cada unha das dez áreas en que estaba dividido o plan. Dende que este I PIOM foi elaborado (2009) pasaron catro anos e o Concello experimentou transformacións na súa estrutura orgánica e funcional polo que o primeiro paso foi identificar as novas concellarías e establecer correspondencias.

Así. no ano 2009 no I PIOM do Concello de Monforte, establecíanse competencias e participación nas accións para 8 Concellarías tal e como aparece recollido na táboa seguinte:

**TÁBOA 1:CONCELLARÍAS (2009)**

| CONCELLARÍAS (2009) | Nº ÁREAS |
|---|---|
| Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística | 3 |
| Concellaría de Deportes e Seguridade | 7 |
| Concellaría de Educación, Xuventude e Medio Ambiente | 7 |
| Concellaría de Medio Rural | 5 |
| Concellaría de Obras Públicas e Participación Cidadá | 5 |
| Concellaría de Réxime Interno, Facenda e Promoción Economía | 4 |
| Concellaría de Sanidade, Igualdade e Benestar Social | 6 |
| Educación, Xuventude e Medio Ambiente | 2 |

No ano 2011 celebráronse eleccións municipais e a estrutura orgánica e funcional do equipo de goberno foi modificada, de tal xeito que antes de comezar a avaliación deste I Plan de Igualdade foi necesario identificar as novas concellarías e establecer unha correspondencia coas anteriores, de cara a establecer as responsabilidades e os participantes de cada área do plan.

Deste xeito, unha vez identificadas as novas concellarías revisouse integramente a estrutura do I PIOM do Concello de Monforte asignando ás diferentes áreas do plan ás novas concellarías de cara a facela súa avaliación.

**TÁBOA 2: CONCELLARÍAS (2012)**

| CONCELLARÍAS (2012) | Nº ÁREAS |
|---|---|
| Urbanismo e Deportes | 4 |
| Réxime Interior, Facenda, Emprego e Promoción Económica, Tráfico e Seguridade | 5 |
| Cultura, Benestar Social, Xuventude, Educación e Normalización Lingüística | 8 |
| Igualdade e Inmigración | 4 |
| Servizos e Participación Cidadá | 4 |
| Medio Ambiente e Sanidade | 9 |
| Obras e Medio Rural | 7 |

Conforme a isto, as concellarías que deberían de ser incluídas na avaliación das diferentes áreas do plan quedarían do xeito seguinte atendendo á nova organización de concello e ás diferentes competencias asignadas a cada unha delas:

| | A | B | C | D | E | F | G |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ÁREA** | **Urbanismo e Deportes** | **Réxime Interior, Facenda, Emprego e Promoción Económica, Tráfico e Seguridade** | **Cultura, Benestar Social, Xuventude, Educación e Normalización Lingüística** | **Igualdade e Inmigración** | **Servizos e Participación Cidadá** | **Medio Ambiente e Sanidade** | **Obras e Medio Rural** |
| **1: ADMINISTRACIÓN** | X | X | X | X | X | X | X |
| **2: BENESTAR SOCIAL E SAÚDE** | | | X | X | | X | X |
| **3: CULTURA** | | | X | | | X | |
| **4: DEPORTES** | X | X | X | | | X | |
| **5: EDUCACIÓN E FORMACIÓN** | | | X | X | | X | |
| **6: EMPREGO** | | X | | | | | X |
| **7: MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO** | X | X | X | | | X | X |
| **8: SENSIBILIZACIÓN** | | | | | X | X | X |
| **9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ** | | | X | | X | X | X |
| **10: VIOLENCIA DE XÉNERO** | X | X | X | X | X | X | X |
| **TOTAL** | 4 | 5 | 8 | 4 | 4 | 9 | 7 |

A continuación identifícanse as diferentes concellarías do concello de Monforte de Lemos, así como as persoas responsables de cada unha delas


**A**

**SEVERINO RODRIGUEZ DIAZ**

**Alcalde -Presidente do Concello**

Concelleiro de **Urbanismo e Deportes**


**B**

**MARÍA XOSÉ VEGA BUJÁN**

Concelleira de: **Réxime Interior, Facenda, Emprego e Promoción Económica, Tráfico e Seguridade**


**C**

**MARÍA DO PILAR LÓPEZ MARTÍNEZ**

Concelleira de: **Cultura, Benestar Social, Xuventude, Educación e Normalización Lingüística**


**D**

**ANA MARÍA CASAL RIVAS**

**Concelleira de: Igualdade e Inmigración**


**E**

**XOSÉ LOIS RODRÍGUEZ RIVERA**

**Concelleiro de: Servizos e Participación Cidadá**


**F**

**ANTONINO LUACES DÍAZ**

Concelleiro de: **Medio Ambiente e Sanidade**


**G**

**XOSÉ MANUEL PAVÓN GONZÁLEZ**

Concelleiro de: **Obras e Medio Rural**

Antes de proceder ás entrevistas e recollida pormenorizada de información, o equipo responsable da avaliación procedeu a unha primeira revisión documental coa finalidade de engadir unha maior precisión e identificar ás áreas nas que de xeito efectivo se tiveron desenvolvido accións e actividades froito dos procesos de reestruturación e reorganización anteriormente descritos. Desta forma optimízanse os esforzos e resultados posto que se axusta a avaliación á execución real, eliminando medicións innecesarias e engadindo áreas non previstas inicialmente pero nas que de feito se executaron accións e actividades.

**TÁBOA 3: AXUSTE DE ÁREAS NA AVALIACIÓN**

| ÁREA | ADMINISTRACIÓN | BENESTAR SOCIAL E SAÚDE | CULTURA | DEPORTES | EDUCACIÓN E FORMACION | EMPREGO | MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO | SENSIBILIZACIÓN | PARTICIPACIÓN CIDADÁ | VIOLENCIA DE XÉNERO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RÉXIME INTERIOR | X | | | | | X | | | | X |
| FACENDA | X | | | | | X | | | | |
| EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA | X | | | | | X | | | | X |
| TRÁFICO / SEGURIDADE | X | | | EXCLUIDA | | | EXCLUIDA | | | X |
| URBANISMO | X | | | | | | X | | | |
| DEPORTES | X | | | X | | | EXCLUIDA | | | X |
| CULTURA | X | EXCLUIDA | X | | | | | | | |
| BENESTAR | X | X | | | X | | | X | | X |
| XUVENTUDE | X | X | EXCLUIDA | X | X | | X | | X | X |
| EDUCACIÓN E FORMACIÓN | X | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | X | | EXCLUIDA | | EXCLUIDA | EXCLUIDA |
| NORMALIZACIÓN LINGUÍSTICA | X | EXCLUIDA | X | | | | | | | |
| IGUALDADE | X | X | | | X | INCLUIDA | INCLUIDA | X | | X |
| SERVIZOS | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | | | EXCLUIDA | | EXCLUIDA | EXCLUIDA |
| PARTICIPACIÓN CIDADÁ | EXCLUIDA | | | | | | | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA |
| MEDIO AMBIENTE | X | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | | X | | EXCLUIDA | X |
| SANIDADE | X | X | | | X | | | EXCLUIDA | | X |
| OBRAS | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA |
| MEDIO RURAL | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA | EXCLUIDA |

**Conforme a táboa anterior, cada área e técnica/técnico avaliou unicamente os aspectos nos que tivo unha participación efectiva en lugar de centrar a avaliación no modelo teórico do que se partía no proceso de elaboración do plan.**

O primeiro paso consistiu en contabilizar todas as medidas de acción desenvolvidas en cada unha das áreas propostas no plan e a súa delimitación temporal. Á vez o equipo técnico de avaliación realizou entrevistas individuais ao persoal técnico e profesional que participou no proceso de execución da diversas accións do PIOM.

Por áreas, as técnicas e técnicos participantes nas avaliacións foron os seguintes:

- RÉXIME INTERIOR: Miguel Piñeiro Souto (Secretario do Concello), Sonia Rois Ferández (Aux. Administrativa)
- FACENDA: Margarita Fernández Sobrino (Interventora), María Teresa Diz Alonso (Tesoreira), Isabel Carbones Bosch (Técnica Rendas)
- EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA: Ángeles González Cabanas (ADL)
- TRÁFICO E SEGURIDADE: Tomás Fernández Médez (Inspector Xefe Policía Local)
- URBANISMO: Angel Juan Encinar Arias (Aparellador)
- DEPORTES: Óscar Rodríguez Pérez (Técnico Deportes)
- CULTURA: Carlos Rodríguez Fernández (Técnico Cultura), Elisa Fernández Rodríguez (Bibliotecaria)
- BENESTAR: Belén Gómez Rodríguez (Coordinadora Servizos Sociais)
- XUVENTUDE: Isabel Martínez Rodríguez (Auxiliar Administrativa)
- EDUCACIÓN E FORMACIÓN: Mª Pilar López Martínez (Concelleira Educación)
- NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: Xosé Martínez Rodríguez (Auxiliar Administrativo)
- IGUALDADE: Patricia Payo Moure (Coordinadora CIM), Mª Guadalupe Gómez Varela (Técnica CIM)
- SERVIZOS: Javier Pérez Fernández (Enxeñeiro) EXCLUIDA
- PARTICIPACIÓN CIDADÁ: Manual Fernández Álvarez (Xefe equipo Axente Cidadanía) EXCLUIDA
- MEDIO AMBIENTE: Juan Carlos Prado Díaz (Técnico Medio Ambiente)
- SANIDADE: Ana María Fernández Sobrino (Directora UAD), Luisa Astrai García (Educadora Social UAD)
- OBRAS
- MEDIO RURAL

Froito das entrevistas e da recollida de datos levada a cabo, presentamos a continuación os principais resultados da avaliación deste I PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

# 02 05 RESULTADOS DA AVALIACIÓN

## 2.5.1. Análise Global

Este primeiro plan foi estruturado en torno a 10 grandes áreas, que perseguían cada unha delas un ou varios obxectivos específicos – neste caso un total de 23 obxectivos – e á súa vez formulaban as medidas necesarias para acadar cada un deles. Neste caso o número total de accións propostas foi de 110

TÁBOA 4: ESTRUTURA DO PLAN

| ÁREAS | OBXECTIVOS | ACCIÓNS PROPOSTAS |
|---|---|---|
| 1: ADMINISTRACIÓN | 3 | 16 |
| 2: BENESTAR SOCIAL E SAÚDE | 4 | 22 |
| 3: CULTURA | 4 | 15 |
| 4: DEPORTES | 2 | 12 |
| 5: EDUCACIÓN E FORMACIÓN | 1 | 5 |
| 6: EMPREGO | 2 | 6 |
| 7: MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO | 3 | 10 |
| 8: SENSIBILIZACIÓN | 0 | 5 |
| 9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 1 | 5 |
| 10: VIOLENCIA DE XÉNERO | 3 | 14 |
| | | |
| TOTAL | 23 | 110 |

O primeiro que debemos destacar é o ambicioso deste plan posto que contempla numerosas actuacións e ademais implica a todas as áreas do concello de xeito que supón un sobre esforzo na coordinación , execución e supervisión de actuacións.

Como xa mencionamos, a estruturación orgánica do concello, tamén derivou en cambios de índole técnica e así algúns dos aspectos pertencen a máis dunha área polo que nalgún caso máis dun técnico/a de servizos diferentes asume a responsabilidade de responder sobre as accións executadas nunha área.

**Conclusión**: Unha vez revisada a estrutura do plan, podemos sinalar que estamos ante un plan ben estruturado e dun nivel de complexidade e concreción bastante alto. Sen embargo, esta especificidade tamén o volve unha ferramenta máis sensible aos cambios de tipo orgánico nas áreas municipais e pode derivar nalgunha pequena disfuncionalidade ou dificultade na propia avaliación.

## 2.5.1.1. Distribución das actuacións por áreas

Neste apartado analizamos como están distribuídas internamente as accións do plan, segundo as áreas ás que foron asignadas. Isto é especialmente importante porque permítenos coñecer a importancia que cada área ten no conxunto do plan en relación ao número de accións que ten asignadas no mesmo.

Resulta obvio que esta é unha avaliación parcial posto que será necesaria completala cunha valoración cualitativa na que se contemplen non so o número senón tamén o contido das accións.

TÁBOA 5: DISTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS POR ÁREAS

DISTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS POR ÁREAS

| ÁREA | Nº ACCIONS | % Sobre total |
|---|---|---|
| 1: ADMINISTRACIÓN | 16 | 14,5% |
| 2: BENESTAR SOCIAL E SAÚDE | 22 | 20,0% |
| 3: CULTURA | 15 | 13,6% |
| 4: DEPORTES | 12 | 10,9% |
| 5: EDUCACIÓN E FORMACIÓN | 5 | 4,5% |
| 6: EMPREGO | 6 | 5,5% |
| 7: MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO | 10 | 9,1% |
| 8: SENSIBILIZACIÓN | 5 | 4,5% |
| 9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 5 | 4,5% |
| 10: VIOLENCIA DE XÉNERO | 14 | 12,7% |
| **TOTAL** | **110** | **100,0%** |

Se facemos a análise por porcentaxe observamos que a área de "Benestar Social e Saúde" con 22 accións representa un 20% do total seguida pola área de "Administración (14,5%) e "Cultura" (13,6%). Entre as tres representan case a metade das accións do plan (48,2% e 53 das 110 accións). Na banda contraria, atopamos áreas como "Participación Cidadá", "Educación e Formación" ou "Sensibilización" que representan cada unha con cinco accións dentro das 110 previstas tan so un 4,5% .

GRÁFICO 1: DISTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS POR ÁREAS



Xunto ao anteriormente sinalado temos que considerar o peso relativo de cada área sobre o total do plan, pero tamén o peso relativo de cada acción sobre a área porque canto menor sexa o número de accións contempladas en cada área menor será a súa importancia no conxunto do plan, pero maior será o seu peso para acadar o obxectivo da área.

Cada unha das actuacións individualmente representa un 0,91% do total do plan pero ademais tamén ten unha repercusión sobre os obxectivos da área na que se sitúa que será maior canto menor sexa o número de accións ás que acompaña.

Por poñer un exemplo, a área de "**sensibilización**" está formada por 5 actuacións que en conxunto representan o 4,5% do total do Plan de Igualdade. Sen embargo, cada unha destas 5 actuacións representa un 20% do obxectivo de "Sensibilización" polo que no caso de que non se executasen 2 accións isto representaría o 40% do obxectivo da área.

TÁBOA 6: INCIDENCIA DE CADA ÁCCIÓN SOBRE O TOTAL SEGUNDO ÁREAS

| INCIDENCIA DE CADA ÁCCIÓN SOBRE O TOTAL SEGUNDO ÁREAS | Peso x Acción |
|---|---|
| 1: ADMINISTRACIÓN | 6,25% |
| 2: BENESTAR SOCIAL E SAÚDE | 4,55% |
| 3: CULTURA | 6,67% |
| 4: DEPORTES | 8,33% |
| 5: EDUCACIÓN E FORMACIÓN | 20,00% |
| 6: EMPREGO | 16,67% |
| 7: MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO | 10,00% |
| 8: SENSIBILIZACIÓN | 20,00% |
| 9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 20,00% |
| 10: VIOLENCIA DE XÉNERO | 7,14% |
| **PESO DE CADA ACCIÓN SOBRE O TOTAL** | **0,91%** |

**Conclusión:** A distribución das accións por áreas, así como o número de accións (110) semella bastante axeitado, non sendo un número excesivo. Sen embargo o feito de asignar un número baixo de accións a unha área determinada fai que o peso relativo de cada unha das actividades sobre a area sexa maior e por tanto, se nos atopamos cunha área na que a execución é previsiblemente baixa isto pode ter como efecto a sobrevaloración dalgunhas actividades. Sería desexable establecer un *coeficiente de ponderación* na propia planificación de cara a futuros plans

## 2.5.1.2. Execución e media de obxectivos por área

Con respecto ao número de accións, como media establecéronse 11 accións por área na planificación, mentres que na execución a media foi de 7,2 actuacións realizadas por área de actividade o que representa unha desviación do 34,5% con respecto á planificación.

TÁBOA 7: ACCIÓNS POR ÁREA

| ACCIÓNS POR ÁREA | PREVISTO | REAL | DIFERENZA | DESVIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| PROMEDIO | 11 | 7,2 | 3,8 | 34,55% |

Cada unha das 10 áreas contempladas no plan, contén unha serie de obxectivos específicos -**24 obxectivos específicos en total** – que a súa vez, derivan nunha serie de actuacións (**110 actuacións en total**). Así, se as actuacións contempladas nun obxectivo específico se desenvolven axeitadamente, este alcanzarase e se unha boa parte dos obxectivos específicos se acadan o obxectivo xeral da área tamén se alcanzará. Esta é a lóxica deste plan.

Para comprobar o xeito en que foi dimensionado este plan, así como o grao de adecuación dos resultados ás previsións, na táboa seguinte recollemos o número de obxectivos específicos (Nº O.E.) por área, así como a media de accións por área previstas (MEDIA ACCIÓNS PLAN) e a media de accións por área executadas (MEDIA ACCIÓNS REAL).

TÁBOA 8: Nº E MEDIA DE ACCIÓNS POR OBXECTIVO

| Nº E MEDIA DE ACCIÓNS POR OBXECTIVO | Nº O.E. | MEDIA ACCIÓNS PLAN | MEDIA ACCIÓNS REAL | % DE DESVIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1: ADMINISTRACIÓN | 3 | 5,3 | 4,7 | **12,5%** |
| 2: BENESTAR SOCIAL E SAÚDE | 4 | 5,5 | 3,5 | 36,4% |
| 3: CULTURA | 4 | 3,8 | 2,3 | 40,0% |
| 4: DEPORTES | 2 | 6,0 | 1,5 | **75,0%** |
| 5: EDUCACIÓN E FORMACIÓN | 1 | 5,0 | 4,0 | 20,0% |
| 6: EMPREGO | 2 | 3,0 | 2,0 | 33,3% |
| 7: MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO | 3 | 3,3 | 1,3 | **60,0%** |
| 8: SENSIBILIZACIÓN | 1 | 5,0 | 5,0 | **0,0%** |
| 9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 1 | 5,0 | 1,0 | **80,0%** |
| 10: VIOLENCIA DE XÉNERO | 3 | 4,7 | 4,7 | **0,0%** |
| **TOTAL** | **24** | **4,6** | **3,0** | 34,5% |

Tal e como pode comprobarse a media de accións previstas por obxectivo é de 4,6, mentres que na práctica a media de accións executadas para atender a cada obxectivo específico foi de 3 o que representa unha desviación do 34,5%.

Por áreas, o comportamento e distribución das actuacións non foi equilibrado, así nalgunhas áreas a porcentaxe de desviación é superior ao 50 %; como “PARTICIPACIÓN CIDADÁ” que chegou ao 80% de desviación cunha soa acción executada fronte a 5 previstas para atender ao obxectivo; “DEPORTES” cunha media real executada de 1,5 actuacións por obxectivo fronte ás 5 accións por obxectivo previstas presenta un 75% de desviación; “MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO” presenta unha media de 1,3 accións por obxectivo específico, fronte as 3,3 planificadas o que representa unha desviación porcentual do 60%.

Na banda oposta, temos ás áreas de “VIOLENCIA DE XÉNERO” e “SENSIBILIZACIÓN” con medias de 4,7 accións por obxectivo e desviacións do 0% cumpriron exactamente o que foi planificado.

GRÁFICO 2: ACCIÓNS POR OBXECTIVO




As áreas que resultan máis próximas aos valores medios son as de “BENESTAR SOCIAL E SAÚDE” e “CULTURA” con desviacións que están entre o 36,4% e o 40% sendo a desviación media 34,5%. Do mesmo xeito a media de actuacións por obxectivo destas áreas que está entre os 3,5 puntos e os 2,3 é máis próxima ao número medio real de actuacións por obxectivo (3).

**Conclusión:** O número de accións previsto por obxectivo presenta unha certa heteroxeneidade que pode dar lugar a interpretacións erróneas e a efectos non desexados á hora de levas a cabo a avaliación do plan. Por outra banda, as desviacións rexistradas en xeral non foron desproporcionadas, agás nos casos xa comentados (PARTICIPACIÓN CIDADÁ, DEPORTES).

Malia isto a media de 3 actuacións or obxectivo específico, parece a priori suficiente e axeitada. Sen embargo, é necesario un exame máis cualitativo nalgúns casos como o de “Participación Cidadá” para completar a avaliación cuantitativa.

## 2.5.1.3. Execución por áreas

En termos xerais a execución do plan foi bastante satisfactoria cunha **media do 65,5% de execución** con respecto ás previsións.  Isto significa que 6,5 de cada dez accións previstas foron executadas conforme a distribución por áreas que pode observarse na seguinte táboa.

TÁBOA 9: GRAO DE EXECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR ÁREAS  PREVISTOS NO PLAN

GRAO DE EXECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR ÁREAS  PREVISTOS NO PLAN

| ÁREA | Nº ACCIONS | Nº EXECUCIÓNS | % EXECUCIÓN |
|---|---|---|---|
| 1: ADMINISTRACIÓN | 16 | 14 | 87,5% |
| 2: BENESTAR SOCIAL  E SAÚDE | 22 | 14 | 63,6% |
| 3: CULTURA | 15 | 9 | 60,0% |
| 4: DEPORTES | 12 | 3 | **25,0%** |
| 5: EDUCACIÓN E FORMACIÓN | 5 | 4 | 80,0% |
| 6: EMPREGO | 6 | 4 | 66,7% |
| 7: MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO | 10 | 4 | 40,0% |
| 8: SENSIBILIZACIÓN | 5 | 5 | **100,0%** |
| 9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 5 | 1 | **20,0%** |
| 10: VIOLENCIA DE XÉNERO | 14 | 14 | **100,0%** |
| **TOTAL** | **110** | **72** | **65,5%** |

Malia este primeiro resultado con carácter positivo, cómpre afondar máis e así vemos que existen importantes diferenzas por áreas e mentres nalgunhas coma “Violencia de Xénero” ou “Sensibilización” executáronse a totalidade das accións previstas, noutras áreas coma “Deportes” tan so se executaron 3 das 12 accións previstas (25%) así como en “Participación Cidadá” (20%) na que tan so foi executada unha das cinco accións inicialmente previstas.

No seguinte gráfico, reflíctese  unha comparativa onde se constatan as importantes diferenzas na execución entre unhas áreas e outras. Así podemos observar como nalgunhas áreas de actuación fíxose un esforzo importante por achegarse aos obxectivos previstos, mentres noutras, non se desenvolveron apenas accións e, polo tanto, non se achegaron aos obxectivos inicialmente formulados.

Un factor a considerar é que tanto na táboa coma no gráfico, estánse a amosar o número de accións executadas, sen ter en conta o departamento/área responsable da súa execución. Así, se por exemplo un obxectivo é asignado a dúas áreas funcionais distintas e unha delas executa unha boa parte das actuacións, aínda que a outra non leve a cabo demasiadas actuacións, no resultado global considérase que as accións foron executadas por ambas áreas.

Por esta razón –entre outras – pode explicarse parcialmente que áreas como deportes na que maioritariamente participa unha soa concellaría, poda presentar un grao de execución máis baixo que outras coma “Administración” na que participan todas as concellarías.

GRÁFICO 3: GRAO DE EXECUCIÓN POR ÁREAS




Segundo pode verse na táboa e gráfico precedentes, as áreas de "Violencia de Xénero", e "Sensibilización" son as que acadaron un maior grao de execución posto que tódalas accións previstas foron levadas a cabo. Sen embargo, temos que ter en conta que entre as dúas representan tan so un 17,3% do total de accións do plan polo que a súa importancia no grao global de cumprimento do plan debe ser tido en conta nesta lectura.

**Conclusións:** Aínda que o grao de execución non foi relativamente alto cun 65,5% das accións previstas executadas, si que se observan diferenzas moi significativas no grao de execución con respecto ás previsións en función da area que esteamos a analizar.

Estas diferenzas deben ser tidas en conta á hora de elaborar futuros plans introducindo ás medidas correctoras oportunas que poderían ser de redimensionamento das accións e da área dentro do conxunto ou ben de supervisión e mellora na execución para acadar mellores niveis de execución.

## 2.5.1.4. Importancia de cada área respecto ás previsións

Neste apartado, trataremos as variacións que sufriu cada área con respecto á planificación inicial. Desta forma coñecemos cánto contribuíu cada unha das diferentes áreas aos obxectivos previstos e tamén cales foron ás que máis desviacións sufriron de cara a establecer medidas correctoras en futuros desenvolvementos.

**TÁBOA 10: PESO INICIAL/FINAL DE CADA UNHA DAS ÁREAS**

| PESO INICIAL/FINAL DE CADA UNHA DAS ÁREAS | % RESPECTO PLAN | % RESPECTO EXECUCIÓN | % DE VARIACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1: ADMINISTRACIÓN | 14,5% | 19,4% | **4,9%** |
| 2: BENESTAR SOCIAL E SAÚDE | 20,0% | 19,4% | -0,6% |
| 3: CULTURA | 13,6% | 12,5% | -1,1% |
| 4: DEPORTES | 10,9% | 4,2% | **-6,7%** |
| 5: EDUCACIÓN E FORMACIÓN | 4,5% | 5,6% | 1,0% |
| 6: EMPREGO | 5,5% | 5,6% | 0,1% |
| 7: MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO | 9,1% | 5,6% | **-3,5%** |
| 8: SENSIBILIZACIÓN | 4,5% | 6,9% | 2,4% |
| 9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 4,5% | 1,4% | **-3,2%** |
| 10: VIOLENCIA DE XÉNERO | 12,7% | 19,4% | **6,7%** |
| **TOTAL** | **100,0%** | **100,0%** | |

Na primeira columna desta táboa, aparece recollido o nome da área que vamos a avaliar, na segunda "% RESPECTO PLAN" atopamos recollido o dato de cánto representaba esa área en concreto no plan orixinal. Na terceira columna "% RESPECTO EXECUCIÓN" aparece recollida a información cánto contribuíu de feito ese área en concreto con respecto ao conxunto do plan e finalmente na cuarta columna "% DE VARIACIÓN" quedan reflectidas as variacións entre o planificado e o executado, tendo un signo positivo cando a área tivo un peso superior ao previsto e un signo negativo cando o peso da área foi menor do previsto.

Unha das áreas que rexistrou unha maior variación foi a de "**Violencia de Xénero"** que pasou dunha importancia relativa no plan do 12,7% a un peso efectivo na execución do 19,4% o que representa una variación porcentual de 6,7 puntos. Isto acadouse en boa **medida grazas á execución do 100% das accións previstas – 14 sobre 14**.

Na banda oposta, atopamos a área de "**Deportes"** como **a que máis reduciu o seu peso relativo**. Na planificación representaba un 10,9% do total, pero na execución, contribuíu ao cumprimento dos obxectivos tan so cun 4,2% reducindo a súa importancia relativa nun -6,7%. A execución de so 3 accións sobre as 12 planificadas, ten boa parte da responsabilidade deste resultado.

.

GRÁFICO 4: IMPORTANCIA PREVISTA / RESULTANTE DE CADA ÁREA




A área de "**Administración**" gañou 4,9 puntos porcentuais en importancia sobre o conxunto do plan, pasando do 14,5% ao 19,4% grazas a un grao de execución moi preto do 90% (87,5%) con 14 accións realizadas das 16 previstas. **"Medio ambiente, Medio rural e Urbanismo"**, perde un -3,5% de peso sobre o conxunto pasando do 9,1% ao 5,6%. Algo semellante sucede ca área de **"Participación Cidadá"** que presenta o grao de execución respecto á planificación máis baixo de todos (14%) neste caso a variación porcentual non é tan alta porque xa de inicio o peso desta área sobre o conxunto era tan so dun 4,5%.

**"Emprego"** é a área que presenta un maior axuste con respecto á planificación, desviándose tan so un 0,1%. Así, na práctica representa un 5,6% do total, mentres no modelo representaba un 5,5%. Isto débese tamén a que a súa porcentaxe de execución (66,7%) está moi preto do valor medio do plan (65,5%)

**"Benestar Social e Saúde"** é pola súa banda, outra das áreas que presenta un maior axuste con respecto á planificación. Isto débese a que o seu grao de execución (63,6%) está moi preto da media xeral de execución do plan (65,5%) e por tanto, o seu peso relativo case non experimentou variacións con respecto ao planificado. Así, na planificación representaba un 20% das accións e na execución acada o 19,4% o que representa un descenso de tan so o -0,6%.

Dentro deste apartado, analizamos tamén as variacións con respecto á planificación en termos porcentuais, isto é cál foi a variación porcentual da area respecto á planificación inicial. Consideramos neste apartado que unha variación dun +/- 5% entra dentro do “normal” e non debe ser considerado como desproporcionada. Aínda que non é específico para este tipo de estudos, é frecuente aceptar o intervalo ou marxe de error do +/- 5%.

GRÁFICO 5: VARIACIÓNS RESPECTO Á PLANIFICACIÓN




**Conclusións:** En termos xerais, as variacións con respecto á planificación non foron especialmente elevadas en termos porcentuais, situándose na maioría dos casos por debaixo do +/- 5%. Isto indícanos que de xeito global, as accións estiveron ben distribuídas, coas excepcións xa indicadas -aquelas que rexistraron variacións especialmente altas ou baixas- e que en calquera caso permitirán introducir melloras nas planificacións futuras

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4.2.1. Potenciar e impulsar entre as mulleres de todas as idades a práctica deportiva profesional e afeccionada e o exercicio físico. | | N | | | | | | | | | | | | | N | 0,0% |
| 4.2.2. Desenvolver accións positivas que incentiven ás nenas, mozas e mulleres adultas no exercicio e na práctica deportiva nas escolas ou actividades deportivas municipais nos casos en que estean subrepresentadas. | | N | | | | | | | | | | | | N | N | 0,0% |
| 4.2.3. Fomentar a participación dos nenos, mozos e homes nas escolas ou actividades deportivas municipais nas que están subrepresentados | | N | | | | | | | | | | | | N | N | 0,0% |
| 4.2.4. Fomentar os encontros amigables mixtos (nenas e nenos, mozas e mozos, mulleres e homes) | | S | | | | | | | | | | | | S | S | 100,0% |
| TOTAL | 0 | 1 | | | | | | | | | | | | 1 | | |
| EXECUCIÓN | 0,0% | 25% | | | | | | | | | | | | 33% | | |

# ÁREA 5. EDUCACIÓN E FORMACIÓN

## OBXECTIVO XERAL 5

**FOMENTAR NOS PROGRAMAS OU ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS QUE ORGANIZA OU NAS QUE COLABORA O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS O REFORZAMENTO DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES**

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1.

**Facilitar a formación e fomentar a inclusión do principio de igualdade entre mulleres homes nos programas ou actividades educativas e formativas e na comunidade educativa**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5.1.1. Facilitar, exisir e valorar a formación en igualdade e xénero do persoal que traballe nos centros de educación infantil e nas actividades extraescolares e de animación sociocultural que dependan do concello ou nas que este colabore. | | | | | | | | S | N | N | | | | | S | 33,3% |
| 5.1.2. Dar a coñecer entre a comunidade educativa dos centros públicos e privados de educación infantil, primaria, secundaria, formación profesional e do Plan FIP os materiais e recursos coeducativos e de igualdade cos que conta o CIM, asesorar en relación aos mesmos e fomentar o seu uso por parte do profesorado. | | | | | | | | S | N | N | | | | | S | 33,3% |
| 5.1.3. Formar en igualdade e xénero ás nais e aos pais participantes nas ANPAS e nas Escolas de Nais e Pais. | | | | | | | | S | | N | | | | | S | 50,0% |
| 5.1.4. Fomentar a formación en xénero e igualdade do persoal de animación sociocultural, de ludotecas, do programa de “Madrugadores”, da escola aberta e das monitoras e dos monitores dos campamentos de verán co fin de garantir nas actividades que desenvolven a inclusión de actividades de igualdade dun xeito transversal ou específico. | | | N | | | | | N | N | N | | | | | N | 0,0% |
| 5.1.5. Levar a cabo programas de sensibilización e orientación á mocidade para promover valores e actitudes favorables á diversificación académica e opcións profesionais e ocupacionais libres de prexuízos de xénero e adaptadas ás necesidades laborais da comarca do Val de Lemos (electricidade, formación agroforestal, viticultura, agricultura ecolóxica, hostalería, atención á dependencia e infancia, coidados persoais, ....). | | | | | | | | S | N | N | | | | N | S | 25,0% |
| TOTAL | | 0 | | | | | | 4 | 0 | 0 | | | | | | |
| EXECUCIÓN | | 0% | | | | | | 80% | 0% | 0% | | | | | | |

# ÁREA 6. EMPREGO

## OBXECTIVO XERAL 6

**FAVORECER A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES NO MERCADO LABORAL MONFORTINO**

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.1.

**Sensibilizar, informar e concienciar ao empresariado local do seu papel como axentes claves na contribución á diminución dos estereotipos e desigualdades de xénero no mercado laboral monfortino**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6.1.1. Difundir, especialmente entre os axentes económicos e o empresariado, a normativa estatal e autonómica en materia de igualdade laboral e os tipos de axudas e subvencións para fomentar a igualdade no ámbito laboral. | | | | | | | | S | | | N | | | | S | 50,0% |
| 6.1.2. Informar ás empresas do Val de Lemos sobre as vantaxes do deseño e implantación de plans de igualdade nas empresas e sobre as subvencións existentes. Fomentar a implantación de plans de igualdade nas empresas do Val de Lemos. | | | | | | | | S | | | N | | | | S | 50,0% |
| 6.1.3. Facilitar entre o empresariado e axentes económicos do Val de Lemos a formación en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes traballando nomeadamente cos estereotipos de xénero sobre as capacidades, forza física, dispoñibilidade e absentismo. | | | | | | | | N | | | | | | | N | 0,0% |
| TOTAL | | | | | | | | 2 | | | 0 | | | | | |
| EXECUCIÓN | | | | | | | | 67% | | | 0% | | | | | |

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.2.

**Favorecer a incorporación das monfortinas ao mercado laboral e aumentar a súa taxa de ocupación laboral.**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6.2.1. Establecer liñas de axuda, incentivos e subvencións ás empresas do Polígono Industrial do Reboredo e do Porto Seco que xeren novos postos de traballo para mulleres. | | | | | | | | N | | | N | N | | | N | 0,0% |
| 6.2.2. Impulsar a creación de iniciativas empresariais en sectores que teñen un impacto directo no tradicional rol feminino do coidado como centros, servizos e equipamentos de atención á dependencia, de coidados (para maiores, persoas doentes, persoas con discapacidade e menores), actividades extraescolares, actividades para persoas adultas dependentes, servizos de tarefas do fogar (xantares, limpeza, pequenas reparacións domésticas...). | | | | | | | | S | | | N | N | | | S | 33,3% |
| 6.2.3. Fomentar as iniciativas emprendedoras por parte das mulleres ofrecéndolles asesoramento gratuíto. | | | | | | | | S | | | S | | | | S | 100,0% |
| TOTAL | | | | | | | | 2 | | | 1 | 0 | | | | |
| EXECUCIÓN | | | | | | | | 67% | | | 33% | 0% | | | | |

# ÁREA 7. MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO

## OBXECTIVO XERAL 7

**POTENCIAR A INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS ACTIVIDADES DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO**

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 7.1.

**Incluír a perspectiva de xénero na planificación dos proxectos, programas e actividades medio ambientais do concello**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7.1.1. Procurar, especialmente entre os homes (mozos, homes adultos e maiores), a adopción de actitudes ecolóxicas especialmente en relación á reciclaxe doméstica, á non-contaminación acústica e á conservación e limpeza dos parques e espazos públicos, do monte e do río Cabe | | | | N | | | | | | | | | | S | S | 50,0% |
| TOTAL | | | | 0 | | | | | | | | | | 1 | | |
| EXECUCIÓN | | | | 0% | | | | | | | | | | 100% | | |

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 7.2.

### Ter en conta as necesidades específicas das mulleres rurais

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7.2.1. Informar sobre a cotitularidade das explotacións agrogandeiras e fomentar a mesma. | | | | | | | | S | | | | | | | S | 100,0% |
| 7.2.2. Informar sobre o servizo de substitución de vacacións nas cooperativas agrogandeiras e fomentar o seu uso. | | | | | | | | | | | | | | | N | 0% |
| 7.2.3. Estudar e valorar as necesidades de mulleres e homes no rural e das familias ou unidades de convivencia para poder ter en conta os seus intereses. | | | | | | | | | | | | | | | N | 0% |
| 7.2.4. Buscar estratexias para fomentar a participación das mulleres e dos homes do rural en temas de igualdade. | | | | | | | | | | | | | | | N | 0% |
| 7.2.5. Informar sobre a prevención de riscos laborais ás mulleres do rural. | | | | | | | | | | | | | | | N | 0% |
| 7.2.6. Facilitar o acceso a internet ás mulleres do rural e darlles formación en relación ao uso da rede. | | | | | | | | | | | | | | | N | 0% |
| TOTAL | | | | | | | | 1 | | | | | | | | |
| EXECUCIÓN | | | | | | | | 100% | | | | | | | | |

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 7.3.

**Impulsar a participación das mulleres e ter en conta o seu punto de vista no deseño e planificación do territorio**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7.3.1. Promover a participación das mulleres no relativo ao deseño e remodelación da cidade, barrios, parques edificios públicos e espazos de uso público e ter en conta a súa opinión nestes aspectos | | | | | | | S | | | | | | | | S | 100,0% |
| 7.3.2. Facer un mapa de diagnose de Monforte dos puntos de pouca visibilidade, pouca iluminación e non-accesibilidade nos edificios públicos para ir mellorando esta situación | | | | | | | N | S | | | | | | | S | 50,0% |
| 7.3.3. Contribuír á visibilización, valoración e recoñecemento público das mulleres, nomeadamente das galegas, mediante o incremento do número de nomes de mulleres asignados a espazos e actividades relacionadas co concello: rúas, centros, certames, edificacións públicas, etc | | | | | | | N | | | | | | | | N | 0,0% |
| TOTAL | | | | | | | 1 | 1 | | | | | | | | |
| EXECUCIÓN | | | | | | | 33% | 100% | | | | | | | | |

# ÁREA 8. SENSIBILIZACIÓN

## OBXECTIVO XERAL 8

**Sensibilizar sobre a persistencia das desigualdades de xénero e sobre a importancia dos principios de igualdade entre mulleres e homes**

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 8.1.

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8.1.1. Levar a cabo actividades que favorezan a análise e reflexión sobre os roles estereotipados de xénero de mulleres e homes, a persistencia das desigualdades e sobre as novas masculinidades. | | | | | | | | S | N | | | | | | S | 50,0% |
| 8.1.2. Difundir entre a sociedade monfortina o propio Plan para a Igualdade e os seus obxectivos. | | | | | | | | S | | | | | | | S | 100,0% |
| 8.1.3. Potenciar e difundir o traballo que o CIM está a desenvolver na procura da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e dar a coñecer os servizos que presta | | | | | | | | S | S | | | | | | S | 100,0% |
| 8.1.4. Propoñer celebracións relacionadas co 8 de marzo nos centros de ensino | | | | | | | | S | | | | | | | S | 100,0% |
| 8.1.5. Promocionar o asociacionismo entre mulleres, nomeadamente entre as mozas | | | | | | | | S | N | | | | | | S | 50,0% |
| TOTAL | | | | | | | | 5 | 1 | | | | | | | |
| EXECUCIÓN | | | | | | | | 100% | 33% | | | | | | | |

# ÁREA 9. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

## OBXECTIVO XERAL 9

**Propiciar o desenvolvemento de actitudes participativas, equitativas e paritarias**

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 9.1.

**Fomentar a representación equitativa e a participación activa das mulleres nas institucións e entidades que colaboran co concello.**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9.1.1. Fomentar e garantir a representación equitativa e a participación activa das mulleres en órganos de toma de decisión do concello (comisións, xurados, consellos...) ou procurar a participación e asesoramento de persoas expertas en xénero. | | | | | | | | | | | | | | | N | 0% |
| 9.1.2. Fomentar a participación e implicación das mozas e mulleres novas na política | | | | | | | | | | | | | | N | N | 0% |
| 9.1.3. Impulsar o asociacionismo das mulleres e prestarlle o apoio e o asesoramento necesarios | | | | | | | | | | | | | | | N | 0% |
| 9.1.4. Impulsar a creación de áreas, departamentos, comisións específicas ou responsables de igualdade nas asociacións mixtas e prestarlles o apoio e asesoramento que requiran | | | | | | | | | | | | | | | N | 0% |
| 9.1.5. Fomentar o empoderamento das monfortinas dende a toma de conciencia da construción da súa identidade de xénero | | | | | | | | S | | | | | | | S | 100,0% |
| TOTAL | | | | | | | | 1 | | | | | | | | |
| EXECUCIÓN | | | | | | | | 100% | | | | | | | | |

# ÁREA 10. VIOLENCIA DE XÉNERO

## OBXECTIVO XERAL 10

**Abordar a violencia de xénero dende a súas causas, tipoloxías, manifestacións, consecuencias e propostas de intervención**

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 10.1.

**Informar sobre o problema que representa a violencia de xénero para toda a sociedade no seu conxunto, facilitar formación en relación a el, informar sobre os recursos existentes e fomentar a súa prevención**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 10.1.1. Dar a coñecer o traballo que desenvolve o CIM na prevención e atención da violencia de xénero, os recursos locais e o seu funcionamento. | | | | | | | | S | S | | | | | | S | 100,0% |
| 10.1.2. Organizar actividades (charlas, obradoiros...) para aprender a identificar o problema; informar á veciñanza sobre as causas, tipoloxías, manifestacións, consecuencias e os falsos estereotipos sociais que se teñen sobre os homes maltratadores e sobre as mulleres que sofren maltrato; ensinar a resolución pacífica dos conflitos e dar a coñecer os recursos existentes e o procedemento de denuncia. | | N | N | | | | | S | | | | | | | S | 33,3% |
| 10.1.3. Procurar que os medios de comunicación local dean un tratamento respectuoso e non sensacionalista da violencia de xénero. | | | | | | | | S | | | | | | | S | 100,0% |
| 10.1.4. Darlle continuidade á realización de actos sobre o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres (25 de novembro). | | | | S | | | | S | | | | | | | S | 100,0% |
| 10.1.5. Difundir o programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar “Abramos o círculo”. | | | | | | | | S | | | | | | | S | 100,0% |
| TOTAL | | 0 | 0 | 1 | | | | 5 | 1 | | | | | | | 0,0% |
| EXECUCIÓN | | 0% | 0% | 100% | | | | 100% | 100% | | | | | | | 0,0% |

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 10.2.

**Traballar na sensibilización, información e prevención da violencia de xénero dende a mocidade**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 10.2.1. Realizar campañas de información, sensibilización e concienciación sobre o problema da violencia de xénero entre a mocidade co fin de identificar a forma específica que adopta esta violencia nas súas relacións interpersonais e afectivas, promover posturas de rexeitamento e denuncia fronte a todas as manifestacións (incluídas as novas como o ciberacoso ou mal uso das novas tecnoloxías) e fomentar a resolución pacífica dos conflitos. | | N | | | | | | S | | | | | | | S | 50,0% |
| 10.2.2. Facilitar a formación do profesorado de educación primaria e secundaria en violencia de xénero para que dende os centros educativos saiban previla, detectala e derivar os posibles casos. | | | | | | | | S | | S | | | | | S | 100,0% |
| TOTAL | | 0 | | | | | | 2 | | 1 | | | | | | |
| EXECUCIÓN | | 0% | | | | | | 100% | | 100% | | | | | | |

## OBXECTIVO ESPECÍFICO 10.3.

**Fomentar e consolidar a cooperación interinstitucional e interorganizacional contra a violencia de xénero que garanta a asistencia e a protección integral das vítimas**

| MEDIDAS | CULTURA | DEPORTES | SANIDADE | MEDIOAMBIENTE | NORMALIZACIÓN | SEGURIDADE | URBANISMO | CIM | BENESTAR | EDUCACION | EMPREGO | REXIME INTERIOR | TRAFICO E SEGURIDADE | XUVENTUDE | EXECUTADA | % EXECUCION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 10.3.1. Darlle continuidade á atención integral ás vítimas dende o CIM | | | | | | | | S | | | | | | | S | 100,0% |
| 10.3.2. Continuar coa colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar no tratamento do problema da violencia de xénero | | | | | | | | S | | | | | | S | S | 100,0% |
| 10.3.3. Establecer e consolidar acordos con entidades públicas ou privadas que poidan colaborar ou xa estean a colaborar na prevención e erradicación da violencia de xénero, nomeadamente cos programas Rodela e Eu Colaboro do Servizo Galego de Igualdade | | | | | | N | | S | | | | | N | | S | 33,3% |
| 10.3.4. Difundir entre os axentes claves na prevención e detección (persoal sanitario, profesorado, axentes sociais, avogacía, Policía Local e Garda Civil, Servizos Sociais, etc.) os recursos cos que conta o CIM (protocolos de actuación, materiais, guías, estudos...) e facilitar a súa formación no tema | | | N | | | S | | S | S | | | | S | | S | 80,0% |
| 10.3.5. Priorizar pola súa dobre situación de desvantaxe o acceso das mulleres vítimas (e das persoas que delas dependan) aos recursos residenciais, recursos laborais, asistenciais, de lecer, de atención á infancia e a outros recursos do concello | | | | | | | | S | S | | | | | N | S | 66,7% |
| 10.3.6. Impulsar a colaboración e implicación das empresas do Val de Lemos na contratación de vítimas de violencia de xénero mediante a súa participación en programas de axudas e subvencións promovidos por organismos públicos | | | | | | | | S | | | N | N | | | S | 33,3% |
| 10.3.7. Darlle continuidade á inserción laboral de mulleres vítimas da violencia de xénero por parte do concello | | | | S | | | | S | | | S | S | | | S | 100,0% |
| TOTAL | | | 0 | 1 | | 1 | | 7 | 2 | | 1 | 1 | 1 | 1 | | |
| EXECUCIÓN | | | 0% | 100% | | 50% | | 100% | 100% | | 50% | 50% | 50% | 50% | | |

# 03 CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

## 03 01 VALORACIÓN XERAL E ESPECÍFICA:

**A nivel xeral** resumimos as principais conclusións:

- Coherencia e pertinencia entre os obxectivos formulados e as accións desenvoltas.
- O plan está ben estruturado, organizado e con actividades ben delimitadas, pero tal vez para un primeiro Plan de Igualdade foi excesivamente ambicioso.
- O feito de establecer dependencias funcionais suxeitas a cambios orgánicos, crea en ocasións situación nas que é difícil identificar ás responsabilidades de cada área.
- Desequilibrios nas actuacións referentes ás diferentes áreas do plan. Aínda que se tratou de asignar actividades a tódalas áreas e que estas estivesen ben proporcionadas, á hora da execución detectáronse uns niveis desiguais. Esta cuestión, terá que terse moi en conta na elaboración do II PIOM
- En canto aos obxectivos específicos, obsérvase concentración de actividades en parte das accións propostas, quedando outra parte destas accións sen actividades. Isto xera unha descompensación nos esforzos o que deberá terse en conta a hora de propoñer accións no seguinte PIOM.
- Algunhas das medidas ou actuacións aparecen en máis dunha área funcional, o que esixe un traballo extra de coordinación para evitar duplicidades e optimizar esforzos e recursos.
- Necesidade dunha metodoloxía de traballo clara e compartida, así como de desenvolver ferramentas sistematicamente organizadas e planificadas para o seguimento e avaliación do Plan.
- O nivel de colaboración e participación de tódolos axentes implicados foi moi alto, especialmente no ámbito municipal así como de organizacións empresariais.
- A nivel político, a participación e implicación no plan é boa pero mellorable, xa que non se percibiu un respaldo e implicación suficiente por algunhas das áreas.
- A nivel técnico-administrativo algúns departamentos implicáronse máis que outros, sendo os máis implicados aqueles departamentos máis próximos ás políticas de igualdade.
- Implicación do CIM, e a súa sensibilización e desexo de mellora profesional neste ámbito investindo na súa formación na materia
- Estabilidade no tempo dos programas de conciliación da vida laboral e familiar.
- PERTINENCIA DUN NOVO PLAN. Neste senso, a nivel técnico, existe consenso na valoración positiva dos efectos dos PIOM postos en marcha ata a data (maior participación, mobilización de recursos e impulso das acción en prol da igualdade) o que motiva a necesidade da elaboración do II Plan de Igualdade Municipal do Concello de Monforte de Lemos.

Nun grao mais **pormenorizado e específico** incluímos as seguintes valoracións:

**1.-** Atendendo á estrutura do plan, podemos sinalar que estamos ante un plan ben estruturado no que se traballou en profundidade os obxectivos e accións na fase de planificación. Sen embargo, esta especificidade tamén o volve unha ferramenta máis sensible aos cambios de tipo orgánico nas áreas municipais.

No caso de Monforte de Lemos, a estruturación e reestructuración orgánica do concello froito do procesos electoral do 2011 –entre outras cousas- , derivou en cambios de índole técnica. Algúns dos aspectos recollidos no plan pertencen de feito a máis dunha área polo que máis dun técnico/a de servizos diferentes asume a responsabilidade de responder sobre as accións executadas.

**2.-** O número de accións (110) recollidas no plan, así como a distribución das mesmas por áreas, resultou bastante axeitado á vista dos resultados acadados. Sen embargo de cara futuro sería desexable una ponderación do peso relativo de cada acción / grupo / área sobre o conxunto. O feito de asignar un número baixo de accións a unha área determinada fai que o peso relativo de cada unha das actividades sobre a area sexa maior e por tanto, se nos atopamos cunha área na que a execución é previsiblemente baixa isto pode ter como efecto a sobrevaloración dalgunhas actividades fronte a outras.

"Benestar Social e Saúde" con 22 accións representa un 20% do total do plan seguida pola área de "Administración (14,5%) e "Cultura" (13,6%). Entre as tres representan case a metade das accións do plan (48,2% e 53 das 110 accións). Na banda contraria, atopamos áreas como "Participación Cidadá", "Educación e Formación" ou "Sensibilización" que representan cada unha con cinco accións dentro das 110 previstas tan so un 4,5% . Isto proporciona valores e efectos distintos a unha mesma acción en función da área na que se execute.

**3.-** O número de accións previsto por obxectivo específico varía entre 3 e 6 accións, o que representa unha variabilidade do 50%. Esta heteroxeneidade na composición pode levar a interpretacións erráticas nunha lectura puramente cuantitativa.

Unha vez revisados os resultados a media de 3 actuacións por obxectivo específico, parece suficiente e axeitada e aínda que as desviacións rexistradas na execución con respecto á planificación en xeral non foron desproporcionadas, nalgúns casos como PARTICIPACIÓN CIDADÁ (80%) e DEPORTES (75%) sí foron excepcionalmente altas e deberán ser revisados na súa formulación e expectativas en futuros plans..

O comportamento e distribución das actuacións por áreas, non foi equilibrado. Algunhas áreas rexistraron desviacións superiores ao 50 %; como é o caso de "PARTICIPACIÓN CIDADÁ" que rexistrou un 80% de desviación cunha soa acción executada fronte a 5 previstas para atender ao obxectivo; "DEPORTES" que executou 1,5 actuacións por obxectivo fronte ás 5 previstas (75% de desviación) ou "MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO" cunha media de 1,3 accións por obxectivo específico, fronte as 3,3 planificadas (desviación do 60%).

**4.-** Leváronse a cabo o 65,5% das accións previstas o que resulta bastante satisfactorio nun plan desta índole e tan ambicioso e extenso como o de Monforte de Lemos. Sen embargo se observan diferenzas moi significativas no grao de execución con respecto ás previsións en función da area que esteamos a analizar.

Estas diferenzas deben ser tidas en conta á hora de elaborar futuros plans introducindo ás medidas correctoras oportunas que poderían ser de redimensionamento das accións e da área dentro do conxunto ou ben de supervisión e mellora na execución para acadar mellores niveis de execución.

Así, áreas como "Violencia de Xénero" ou "Sensibilización" chegaron a unha execución do 100% das accións asignadas, outras coma "Deportes" executou un 25%, e "Participación Cidadá" baixou ate o 20% con só unha acción executada das cinco accións previstas inicialmente.

**4.-** As variacións do peso por áreas con respecto á planificación non foron desproporcionadas, situándose na maioría dos casos por debaixo do +/- 5% o que nos indica que as accións estiveron ben distribuídas.

As áreas que rexistraron maior variación foron as de "**Violencia de Xénero"** que pasou dunha importancia relativa no plan do 12,7% a un peso efectivo na execución do 19,4% o que representa una variación porcentual de 6,7 puntos e "**Deportes"** que foi a **que máis reduciu o seu peso relativo** pasando de representar un 10,9% do total no plan a un 4,2% na práctica reducindo a súa importancia relativa nun -6,7%.

**5.-** Compre prestar especial atención á variabilidade interna dentro dunha mesma área, pois os valores medios poden levar a confusión.

Por exemplo na Área 7 “MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E URBANISMO” o valor medio de execución é do 40% pero se nos fixamos ben, existen obxectivos específicos cun 100% de cumprimento xunto con outros que son os máis baixos de todo o conxunto -16,7% .

## 03 02 PRINCIPAIS DIFICULTADES DETECTADAS PARA A IMPLEMENTACIÓN DO I PIOM

- ☹ **Redución de recursos económicos.**
- ☹ **Mellorable sensibilidade e implicación política.**
- ☹ **Escaso nivel formativo e sensibilización en temática de igualdade do persoal político e técnico.**
- ☹ **Escaso nivel formativo e sensibilización en temática de igualdade en parte de axentes sociais significativos do concello.**
- ☹ **Desequilibrios nas actuacións con respecto as propostas no PIOM.**
- ☹ **Resistencia aos cambios por parte dunha parte do persoal do concello.**
- ☹ **Falta de planificación e metodoloxía compartida.**
- ☹ **Carencia dunha avaliación sistemática das accións levadas a cabo.**

## 03 03 PRINCIPAIS FACILITADORES DO I PIOM

- ☺ **Implicación e vontade do persoal do CIM e das diferentes Áreas implicadas directamente nas actuacións de xénero: Benestar Social, Educación, Cultura, Xuventude, Formación, Emprego...**
- ☺ **Implicación e colaboración dalgunhas áreas do concello non involucradas directamente no proxecto.**
- ☺ **Implicación dalgúns axentes sociais da comunidade empresarial, escolar, veciñanza e asociacións de mulleres.**
- ☺ **Esforzo do persoal implicado de xeito directo a pesar das dificultades.**
- ☺ **Coherencia e pertinencia das accións propostas.**
- ☺ **Participación cidadán.**
- ☺ **Existencia e permanencia das Políticas de igualdade a través do CIM do Concello de Monforte de Lemos.**

## 03 04 RECOMENDACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Dos resultados da avaliación do I PIOM do Concello de Monforte de Lemos, despréndese a necesidade de propoñer un II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes que permita tanto continuar cos programas e accións exitosas, como que propoña novas actuacións que teñan como base a experiencia do PIOM anterior.

Nesta liña, a continuación expóñense unha serie de propostas orientativas cara á elaboración do II Plan de Igualdade Municipal do Concello de Monforte de Lemos

- **Implicar de xeito total, efectivo e normalizado ao persoal técnico e político do concello**
- **Formar ao persoal técnico e político do concello**
- **Fortalecer a visión estratéxica do I PIOM**
- **Introducir a perspectiva de xénero nos orzamentos municipais**
- **Deseñar métodos, técnicas e ferramentas que permitan aplicar o enfoque integrado de xénero ou "mainstreaming de xénero" nas políticas públicas locais a través do propio plan**
- **Mellorar a coordinación entre os diferentes departamentos municipais**
- **Definir e delimitar responsabilidades, funcións e competencias entre o persoal técnico e político do concello no ámbito da igualdade**
- **Planificar e describir metodoloxicamente as distintas fases do PIOM.**
- **Temporalizar as medidas ou actuacións**
- **Dotar de instrumentos a todos os axentes implicados (persoal técnico e político do concello, axentes sociais, educadores, etc.)**
- **Programar e desenvolver reunións periódicas para a execucións das accións do PIOM que fomenten a colaboración interdepartamental do concello**
- **Mellorar os sistemas e instrumentos de seguimento e avaliación das actuacións**
- **Reforzar as relacións de colaboración nesta materia coas asociacións veciñais en xeral e coas de mulleres en particular**
- **Actuar naqueles obxectivos non acadados e/ou con mínimas actuacións do I PIOM**
- **Adaptar os obxectivos, áreas e actuacións aos retos da realidade social e política actual**
- **Facer unha avaliación anual interna do PIOM, co obxecto de priorizar actuacións en función das necesidades e grado de cumprimento do Plan**
- **Incrementar a participación, receptividade e implicación dos homes na elaboración e participación do II PIOM**

# 04 BIBLIOGRAFÍA


- 100 PALABRAS PARA LA IGUALDAD. GLOSARIO DE TÉRMINOS RELATIVOS A LA IGUALDAD ENTRE HOMBRES Y MUJERES. Comisión Europea. 1999.
- I PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS. Concello de Monforte de Lemos 2008.
- AYALA CASTRO, M.C.; GUERRERO SALAZAR, S. Y MEDINA GUERRA, A. M.: "Guía para un uso igualitario del lenguaje administrativo". Diputación de Málaga. Málaga. 2004.
- DOCUMENTO MARCO PARA LA GESTIÓN DE LAS POLÍTICAS LOCALES DE IGUALDAD. Federación Española de Municipios y Provincias. 2005.
- EVALUACIÓN DE LAS POLÍTICAS DE IGUALDAD. Instituto de la Mujer. 2000.
- GUÍA PARA ELABORAR PLANES LOCALES DE IGUALDAD ENTRE MUJERES Y HOMBRES. Federación Española de Municipios y Provincias. 2005.
- GRUPO DE ESPECIALISTAS EN MAINSTREAMING: "Mainstreaming de Género. Marco conceptual, metodología y presentación de buenas prácticas". Instituto de la Mujer. Madrid. 2003.
- INSTITUTO DE LA MUJER. "Módulo de sensibilización y formación continua en igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres para personal de la Administración Pública". Ministerio de Igualdad. 2009.
- JORNADAS "POLÍTICAS DE IGUALDAD Y PLANES INTERNOS DE IGUALDAD DE OPORTUNIDADES Y EMPLEO EN LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS" Madrid, 13 y 14 de diciembre 2010
- SITUACIÓN ACTUAL DE LAS POLÍTICAS Y PLANES DE IGUALDAD EN EL ÁMBITO MUNICIPAL. Federación Española de Municipios y Provincias. 2001.
- TOD@S PODEMOS. PROTOCOLO MUNICIPAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. Concello de Monforte de Lemos. Ano 2010.